

REGULAMENTO INTERNO DE XESTIÓN DE ESPAZOS DE USO ADMINISTRATIVO, DOCENTE E DE INVESTIGACIÓN DA FACULTADE DE CIENCIAS POLÍTICAS E SOCIAIS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

(Aprobado en Xunta de Facultade na súa sesión de 11 de decembro de 2014)

Os *Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela* (Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro; D.O.G. nº 29, do 12/2/14; B.O.E. nº 50 do 27/2/14), no Art. 51, Apdo. h, recoñecen aos centros a competencia da xestión ordinaria dos espazos de uso administrativo, docente e de investigación. O Art. 98, Apdo. g, concede ás Xuntas de Facultade a competencia para a programación dos espazos, servizos e equipamentos do centro e a supervisión da súa xestión. O Art. 100, Apdo. 1.i outorga ao decano/a do centro a competencia do control do axeitado mantemento do patrimonio do centro. Finalmente, o Art. 51, Apdo. i, confire á dirección dos centros a capacidade para coñecer a actividade investigadora que se desenvolva nas súas instalacións.

As *Normas de Xestión Patrimonial* (resolución rectoral do 14 de xullo de 1993; D.O.G. do 11 de agosto de 1993), *Normas de Xestión para a Cesión Temporal de Uso dos espazos para a Celebración de Actividades Extraacadémicas na USC* (aprobadas polo Consello de Goberno do 21 de decembro de 2009) e a *Instrución de Xerencia I/2010*, sobre xestión de cesión de espazos, regulan diversos aspectos sobre o uso das instalacións e cesión temporal.

Os *Criterios para a Xestión de Espazos*, aprobados polo Consello de Goberno do 29 de abril de 2008, desenvolven os principios que se deben observar en cada centro respecto da xestión ordinaria dos espazos de investigación e, en concreto, do reparto de novos espazos de investigación e a redistribución de espazos de investigación ocupados por grupos de investigación.

En desenvolvemento nas disposicións citadas, a Xunta da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais, en exercicio das competencias atribuídas, aproba o seguinte *Regulamento Interno de Xestión de Espazos de Uso Administrativo, Docente e de Investigación*.

CAPÍTULO I: CONSIDERACIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto

O obxecto da presente norma é regular a organización, xestión e uso de espazos de uso administrativo, docente e de investigación na Facultade de Ciencias Políticas e Sociais.

Artigo 2.- Ámbito

1. Os espazos aos que se refire este regulamento son os de uso exclusivo da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais (Anexo I) ou os de uso compartido (Anexo II) coa Facultade de Relacións Laborais, segundo consta na información da que dispoñen os órganos de goberno da Universidade de Santiago de Compostela [en adiante, USC]

(Anexo 3). Así mesmo, o presente regulamento afecta a calquera outro novo espazo cuxa xestión sexa delegada polos órganos de goberno da USC.

2. A xestión do aparcadoiro e xardíns que lindan coas instalacións son de competencia da Vicerreitoría encargada da xestión de infraestructuras.

Artigo 3. Órganos encargados da organización, xestión e uso de espazos de uso administrativo, docente e de investigación

1. A modificación ou derogación deste Regulamento correspóndelle á Xunta de Facultade. A Xunta de Facultade aprobará a distribución de espazos e supervisará a súa xestión e maila do equipamento instalado neles.

2. A Xunta de Facultade disporá dunha Comisión Delegada de Asuntos Económicos e Infraestructuras que asumirá a vixilancia do cumprimento deste regulamento, elevará á Xunta de Facultade unha memoria anual sobre o uso e estado das instalacións e equipamento e desenvolverá as tarefas e as competencias en relación con esta materia que a Xunta de Facultade lle encomende.

3. A Comisión Delegada de Asuntos Económicos e Infraestructuras estará composta polo/a decano/a, o/a responsable da unidade de apoio á xestión do centro, tres membros do persoal docente e investigador [en adiante, PDI]; dous representantes de alumnos e un representante do persoal de administración e servizos [en adiante, PAS].

CAPÍTULO II: ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E USO DE ESPAZOS DE USO ADMINISTRATIVO E DE SERVIZOS, DOCENTE E DE INVESTIGACIÓN

Artigo 4. Organización xeral e uso dos espazos e equipamentos

1. Correspóndelle á dirección do centro propor a organización e distribución de espazos de uso administrativo, docente e de investigación e sometela á aprobación da Xunta de Facultade.

2. A dirección do centro, sen invadir as competencias que nesta materia posúe a Xunta de Facultade, resolverá as solicitudes temporais de espazos e equipamento por parte da Comunidade Académica e os conflitos ordinarios derivados da xestión destes.

3. A dirección do centro informará aos órganos competentes da Universidade sobre a celebración, nas instalacións das que é responsable, de actividades extraacadémicas que non sexan contrapostas aos fins da Institución. O uso das instalacións, no caso de actividades alleas aos fins académicos e investigadores, estará sometido á autorización por parte da Universidade, nos términos que establece a normativa sobre patrimonio e de cesión de espazos vixente.

4. Así mesmo, a dirección do centro informará á Xunta de Facultade das solicitudes de espazos realizadas por outras entidades da Universidade ou por organizacións e persoas alleas a esta. A Xunta de Facultade será a encargada de resolver tales solicitudes, consonte ás condicións da cesión e os prezos vixentes establecidos na normativa de patrimonio da USC.

5. Para garantir un uso axeitado dos espazos e equipamentos, a dirección do centro poderá solicitar aos grupos de investigación con sede no centro información sobre a actividade investigadora que se desenvolva nas súas instalacións.

6. Será competencia da Xunta de Facultade resolver as solicitudes extraordinarias de uso de espazos e equipamentos durante períodos non lectivos nos que se produza un peche de instalacións. A Xunta de Facultade, de acordo coas instrucións recibidas por parte da Xerencia, será a responsable de autorizar o acceso e as condición de uso de espazos e instalacións nesas circunstancias.

7. En todo caso, a decisión última sobre o uso dos espazos do centro corresponde ao Reitor ou Vicerreitor/a en quen delegue. Calquera membro da comunidade universitaria poderá recorrer diante del as decisións que se tomen sobre asignación e distribución de espazos no centro.

8. Facúltase ao persoal de conserxería a levar un control de uso das instalacións e equipamentos e un rexistro de accesos autorizados.

9. O equipo decanal da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais poderá encomendar a un dos seus membros a coordinación da xestión dos espazos e equipamentos compartidos coa Facultade de Relacións Laborais así como a resolución concertada cos responsables desa Facultade das necesidades de uso extraordinarias que poidan xurdir en ambos centros.

10. É obriga da comunidade académica (PDI, PAS e estudantado) da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais e de quen gocen da cesión temporal de espazos e instalacións coidar e usar debidamente os bens, equipamentos, instalacións e recintos do centro, así como coñecer e cumprir as normas xerais sobre seguridade e saúde, especialmente as que se refiren ao uso de laboratorios de prácticas e espazos de investigación.

Artigo 5. Disponibilidade e uso de espazos para uso administrativo e de servizos

1. Considéranse espazos de uso administrativo e de servizos, as seguintes dependencias da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais (Anexo I):

- O decanato, que abrangue a secretaría e o despacho do/a decano/a (edificio central)
- O despacho do/a responsable da unidade de apoio á xestión (edificio central).
- O despacho da secretaría dos Departamentos de Ciencia Política e da Administración e de Socioloxía.

Tamén se consideran de uso administrativo e de servizos, compartidos coa Facultade de Relacións Laborais (Anexo II), os espazos destinados a conserxería, responsable de asuntos económicos, sala de persoal de limpeza e o almacén (soto), todos eles ubicados no edificio central.

2. Será responsabilidade da dirección do centro a asignación de espazos de traballo ao PAS destinado á Facultade de Ciencias Políticas e Sociais. Este persoal será o

responsable da boa conservación da instalación e equipamento que lle foran asignados, así como do control de acceso a tales espazos.

3. O equipo decanal será o responsable do uso dos espazos asignados para o desenvolvemento das súas funcións.

4. Salvo decisión contraria, adoptada polos órganos de goberno da USC, os espazos de uso administrativo e de servizos non poden ser cedidos nin usados por terceiros.

Artigo 6. Disponibilidade e uso de espazos para fins docentes e de investigación

1. Considéranse espazos de uso docente e de investigación, as seguintes dependencias da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais (Anexo I):

- A sala de Xuntas (edificio central).
- Os seminarios situados no corredor de acceso ao aulario, na zona sur do edificio central.
- Os despachos 1 a 15, situados na pranta baixa da zona sur do edificio central.
- Os despachos 16 a 30, situados no primeiro andar da zona sur do edificio central.
- O laboratorio de investigación situado no soto do edificio central (zona aparcadoiro).
- Todos os espazos do edificio do aulario, a excepción dos situados no seu soto.

Tamén se considera de uso docente e de investigación, compartido coa Facultade de Relacións Laborais (Anexo II):

- Os salóns de actos e graos, situados no soto do edificio do aulario.

2. Consonte ás condicións establecidas pola normativa da USC, todo o PDI a tempo completo que imparta de xeito regular a maior parte da súa docencia na Facultade terá dereito a un espazo básico de traballo, de uso individual ou compartido. Igualmente, reservaranse espazos para o desenvolvemento das tarefas docentes (titorías) cando o espazo básico de traballo do PDI estea localizado fóra da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais.

3. O PDI con espazo básico de traballo no centro ou aquel ao que se lle asigne un cando o seu espazo básico de traballo estea localizado fóra da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais será o responsable da boa conservación da instalación e equipamento que lles foran asignados, así como do control de acceso a tales espazos.

4. Na medida da disponibilidad das instalacións, poderá gozar dun espazo de traballo no centro toda persoa que se encadre nalgunha das seguintes categorías:

- a) Profesores/as *Ad Honorem* que durante o ano previo a adquisición de tal condición formaran parte do PDI a tempo completo nalgún dos programas formativos ofertados no centro.
- b) Profesores/as e investigadores/as visitantes adscritos a un departamento con sede no centro.

- c) Profesores/as e investigadores/as visitantes vinculados a un programa de mobilidade (Erasmus +; Erasmus Mundus; Convenios Bilaterais) subscrito pola Facultade.
- d) Bolseiros/as de convocatoria pública (bolsas de iniciación á investigación e bolsas de perfeccionamento investigador).
- e) Bolseiros/as de asignación directa a proposta da dirección dun proxecto ou contrato (bolsas de cooperación e bolsas de apoio á investigación) asinado por algún membro do PDI ou polo/a responsable dun equipo de investigación con espazos básicos de traballo no centro.
- f) Bolseiros/as de colaboración cos departamentos con sede nas instalacións.

5. Respecto das situacións expostas no Art. 6.4, será a dirección do centro quen promova de oficio a asignación dun espazo de traballo para quen se atope nas categorías descritas nos apartados "a" ou "c". No que atinxe ás circunstancias contempladas nos apartados "b", "d" ou "f", será a dirección do Departamento correspondente quen faga a solicitude e acredite, perante o/a decano/a da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais, a condición do/a interesado/a en dispor dun espazo de traballo. Finalmente, no caso do persoal que se atope na situación descrita no apartado "e", será o/a responsable do proxecto/contrato no que colabore o/a bolseiro/a quen faga a solicitude e acredite, perante o/a decano/a da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais, a condición do/a interesado/a. En todos os casos reflectidos no Art. 6.4, a dirección do centro demandará información sobre a actividade docente e/ou investigadora que o ocupante vai desenvolver e resolverá as solicitudes.

5. Ademais do uso para fins docentes establecido como consecuencia da oferta dun programa formativo, poderán usar de xeito extraordinario todos os espazos destinados a uso docente e de investigación, agás os despachos para o PDI e os espazos reservados a equipos de investigación, os membros da comunidade académica do centro que o soliciten, así como terceiros que cumpran as condicións establecidas pola normativa da USC.

6. O PDI a quen se lle asigne un espazo e equipamentos será o responsable da súa utilización axeitada.

Artigo 7. Disponibilidade e uso de espazos por grupos de investigación

1. Conforme á normativa vixente na USC, o centro disporá de espazos destinados ao desenvolvemento de actividades de investigación, así como espazos de reserva para os mesmos usos.

2. Os grupos de investigación vinculados aos departamentos con sede no centro así como o PDI con posto de traballo estable no centro e pertenza a grupos de investigación sen sede nas instalacións da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais poderán solicitar ao decano/a un espazo para o desenvolvemento de actividades de investigación (superficie complementaria por actividade investigadora) dentro dos que o centro oferte a tal efecto. Na solicitude, feita por escrito, deberase indicar o nome do grupo, o investigador responsable e unha relación de membros actualizada.

3. De acordo cos criterios para a distribución dos espazos aplicados na USC, a dirección do centro elevará á Xunta de Facultade unha proposta de distribución entre os grupos de investigación solicitantes, asignándolles un espazo de permanencia que poderán someter a renovación. A distribución dos grupos poderase axustar en función das esixencias das actividades formativas ofertadas polo centro.

4. Consonte á normativa vixente na USC, a distribución inicial dos espazos destinados ao desenvolvemento de actividades de investigación, se supervisará durante un ano tras a súa aprobación e se reaxustará se fora necesario.

5. O/A investigador/a principal dun grupo de investigación supervisará que só o persoal vinculado aos fins da investigación faga uso do espazo destinado ao grupo, e verificará o cumprimento das regulacións laborais e de prevención de riscos que afectan ao persoal que desenvolva actividades de investigación nesas instalacións. Así mesmo, será a/o investigador/a principal do grupo de investigación quen supervisará o uso axeitado do equipamento e infraestructuras asignadas.

CAPÍTULO III: INVENTARIO E ADICIÓN DE EQUIPAMENTO

Artigo 8. Inventario, mantemento e adición de equipamento

1. O centro levará un inventario do equipamento (mobiliario, equipos informáticos, etc.) de titularidade da USC existente nas súas instalacións. Correspóndelle á Comisión Delegada de Asuntos Económicos e Infraestructuras da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais informar anualmente das variacións no inventario de equipamento, do seu estado e das necesidades de ampliación, renovación, reparación ou baixa.

2. Así mesmo, o persoal con espazo básico de traballo no centro poderá, no espazo que lle corresponda, dispor de mobiliario da súa titularidade que será declarado ante á dirección do centro. Todo novo equipamento para uso particular que se pretenda introducir e, en particular, aquel cuxo funcionamento comporte un consumo enerxético con cargo ao centro, deberá ser comunicado previamente á dirección do centro.

3. En todo caso, o novo equipamento e a súa instalación deberán respectar as normativas de xestión enerxética e prevención de riscos vixentes na USC.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

Corresponderá á Comisión Delegada de Asuntos Económicos e Infraestructuras da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais a resolución de calquera dúbida sobre a interpretación deste regulamento.

ANEXO 1

ESPAZOS DE USO EXCLUSIVO DA FACULTADE DE CIENCIAS POLÍTICAS E SOCIAIS

Espazos de uso administrativo e de servizos

Edificio Central	Pranta baixa	Zona Rúa Doutor Ángel Jorge Echeverri	- Decanato (secretaría e despacho do/a decano/a). - Despacho da secretaría dos Departamentos de Ciencia Política e da Administración e de Socioloxía.
		Zona central	- Despacho do/a responsable da unidade de apoio á xestión.

Espazos de uso docente e investigador

Edificio Central	Primeiro andar	Zona sur	- Despachos numerados do 16 ao 30
	Pranta baixa	Zona Rúa Doutor Ángel Jorge Echeverri	- Sala de Xuntas
		Zona sur	- Despachos numerados do 1 ao 15 - Seminario de doutoramento - Laboratorio de investigación
	Soto	Zona aparcadoiro	- Laboratorio de investigación
Edificio Aulario	Segundo andar		- Aula 2.1 - Seminarios 2.1 e 2.2 - Aula de informática - Espazos de traballo grupal
	Primeiro andar		- Aulas 1.1, 1.2, 1.3 e 1.4 - Espazos de traballo grupal
	Pranta Baixa		- Aulas 0.1 e 0.2 - Seminarios 0.1, 0.2, 0.3 e 0.4

ANEXO 2

ESPAZOS DE USO COMPARTIDO ENTRE A FACULTADE DE CIENCIAS POLÍTICAS E SOCIAIS E A FACULTADE DE RELACIÓNS LABORAIS

Espazos de uso administrativo e de servizos

Edificio Central	Pranta baixa	Zona Rúa Doutor Ángel Jorge Echeverri	- Despacho do/a responsable de asuntos económicos. - Sala do persoal de limpeza
		Zona central	- Conserxería
	Soto	Zona aparcadoiro	- Almacén

Espazos de uso docente e investigador

Edificio Aulario	Soto	- Salón de Actos - Salón de Graos
------------------	------	--------------------------------------

ANEXO 3

INVENTARIO XERAL DE ESPAZOS

(En negrita, espazos en exclusividade da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais ou compartidos coa Facultade de Relacións Laborais)

I. EDIFICIO CENTRAL

CÓDIGO PLANO	NOME	USO	TIPO USO	ÁREA	AFORO	CENTRO
PRANTA -1						
4-10-S1-0	ASEOS	ASEO	ZONA COMÚN	36,11		Facultade de Relacións Laborais
4-10-S1-1	ASEOS	ASEO	ZONA COMÚN	29,17		Facultade de Relacións Laborais
4-10-S1-2	LABORATORIO	INVESTIGACIÓN	INVESTIGACIÓN	36,65		- Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-S1-3	MÁQUINAS AIRE	SALA DE MÁQUINAS	VARIOS	23,27		Facultade de Relacións Laborais
4-10-S1-5	C.LIMPIEZA	ASEO	ZONA COMÚN	5,75		Facultade de Relacións Laborais
4-10-S1-6	ESCALEIRA A PB	ESCALEIRA	ACCESO	8,18		Facultade de Relacións Laborais
4-10-S1-7	SALA MÁQUINAS	SALA DE MÁQUINAS	VARIOS	9,31		Facultade de Relacións Laborais
4-10-S1-8	ALMACÉN	ALMACÉN	VARIOS	34,51		- Facultade de Relacións Laborais Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-S1-9	AULA 8	AULA	DOCENCIA	93,81		Facultade de Relacións Laborais
4-10-S1-10	AULA 7	AULA	DOCENCIA	65,48		Facultade de Relacións Laborais
4-10-S1-11	AULA MARAÑÓN	AULA	DOCENCIA	76,74		Facultade de Relacións Laborais
4-10-S1-12	AULA INFORMÁTICA 2	AULA	DOCENCIA	73,13		Facultade de Relacións Laborais
4-10-S1-13	AULA 10	AULA	DOCENCIA	42,95		Facultade de Relacións Laborais
4-10-S1-14	AULA 9	AULA	DOCENCIA	75,57		Facultade de Relacións Laborais
4-10-S1-15	AULA INFORMÁTICA 1	AULA	DOCENCIA	70,73		Facultade de Relacións Laborais
4-10-S1-16	PASILLO	PASILLO	ACCESO	143,34		Facultade de Relacións Laborais
4-10-S1-17	ACCESO EDIFICIO	PASILLO	ACCESO	25,5		Facultade de Relacións Laborais

4-10-S1-19	PASILLO ASEOS	PASILLO	ACCESO	22,64	Facultade de Relacións Laborais
4-10-S1-20	ARQUIVO	ARQUIVO - ALMACÉN	ADMINISTRACIÓN	12,74	Facultade de Relacións Laborais
4-10-S1-21	VESTÍBULO ESCALEIRAS	PASILLO	ACCESO	90	Facultade de Relacións Laborais
4-10-S1-22	AULA INFORMÁTICA	AULA DE INFORMÁTICA	DOCENCIA	51,73	Facultade de Relacións Laborais
4-10-S1-23	SALA CALDERAS	SALA DE CALDEIRAS	VARIOS	25,32	Facultade de Relacións Laborais
4-10-S1-24	ALMACÉN	ALMACÉN	VARIOS	21,11	Facultade de Relacións Laborais
4-10-S1-25	PATIO DE LUCES	TERRAZA	ZONA COMÚN	96,5	Facultade de Relacións Laborais
4-10-S1-26	ASCENSOR	ASCENSOR	ACCESO	3,98	- Facultade de Relacións Laborais
					Facultade de Ciencias Políticas e Sociais

PRANTA 0

4-10-0-0	AULA 5	AULA DE TEORÍA	DOCENCIA	130,31	Facultade de Relacións Laborais
4-10-0-3	AULA 6	AULA DE TEORÍA	DOCENCIA	121,53	Facultade de Relacións Laborais
4-10-0-5	XEFATURA UNIDADE DE XESTIÓN	DESPACHO	ADMINISTRACIÓN	29,32	1 Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-0-6	(Antigo local de estudantes e acceso a reprografía)				
4-10-0-8	XEFATURA UNIDADE DE XESTIÓN (Antigo servizo de reprografía)	DESPACHO	ADMINISTRACIÓN	29,87	Facultade de Relacións Laborais
4-10-0-11	SALA DE XUNTAS	SALA DE XUNTAS	ADMINISTRACIÓN	56,85	30 Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-0-12	ASUNTOS ECONÓMICOS	DESPACHO	ADMINISTRACIÓN	27,97	1 Facultade de Relacións Laborais
					Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-0-13	SECRETARÍA	DIRECCIÓN	ADMINISTRACIÓN	27,9	Facultade de Relacións Laborais
4-10-0-14	DECANATO	DIRECCIÓN	ADMINISTRACIÓN	24,76	Facultade de Relacións Laborais
4-10-0-15	LOCAL DA LIMPEZA	VESTIARIO	ZONA COMÚN	19,69	6 Facultade de Relacións Laborais
					Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-0-16	SECRETARÍA DOS DEPARTAMENTOS	DESPACHO	ADMINISTRACIÓN	30,11	1 Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-0-17	DECANATO	DESPACHO	ADMINISTRACIÓN	43,32	1 Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-0-18	SECRETARÍA	DESPACHO	ADMINISTRACIÓN	22,71	1 Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-0-24	VESTÍBULO DESPACHOS PLANTA BAIXA	PASILLO	ACCESO	88,97	- Facultade de Relacións Laborais
					Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-0-25	ACCESO ASCENSOR	PASILLO	ACCESO	4,18	- Facultade de Relacións Laborais
					Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-0-26	ASEOS HOMES	ASEO	ZONA COMÚN	22,43	- Facultade de Relacións Laborais

Facultade de Ciencias Políticas e Sociais					
4-10-0-30	ASEOS MULLERES AULAS PLANTA BAIXA	ASEO	ZONA COMÚN	23,25	- Facultade de Relacións Laborais
4-10-0-31	ASEOS HOMES AULAS PLANTA BAIXA	ASEO	ZONA COMÚN	24,51	- Facultade de Relacións Laborais
4-10-0-33	ASEOS HOMES ADMINISTRACIÓN	ASEO	ZONA COMÚN	14,24	- Facultade de Relacións Laborais
Facultade de Ciencias Políticas e Sociais					
4-10-0-34	ASEOS MULLERES ADMINISTRACIÓN	ASEO	ZONA COMÚN	14,44	- Facultade de Relacións Laborais
Facultade de Ciencias Políticas e Sociais					
4-10-0-38	ACCESO ENTRADA PRINCIPAL	OUTROS	ACCESO	53,29	- Facultade de Relacións Laborais
4-10-0-39	ACCESO ENTREPONTAS ENTRADA PRINCIPAL	OUTROS	ACCESO	19,3	- Facultade de Relacións Laborais
4-10-0-40	ESCALEIRAS PB	ESCALEIRA	ACCESO	16,39	- Facultade de Relacións Laborais
Facultade de Ciencias Políticas e Sociais					
4-10-0-41	ESCALEIRA EMERXENCIA DESPACHOS POLÍTICAS	ESCALEIRA	ACCESO	14,79	- Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-0-42	ESCALEIRAS EMERXENCIA AULAS RELACIÓN	ESCALEIRA	ACCESO	25,28	Facultade de Relacións Laborais
4-10-0-43	RAMPA ACCESO ENTRADA PRINCIPAL	RAMPA	ACCESO	7,32	Facultade de Relacións Laborais
4-10-0-44	ESCALEIRA DE ACCESO	ESCALEIRA	ACCESO	5,01	Facultade de Relacións Laborais
4-10-0-48	CORREDOR DESPACHOS PLANTA BAIXA (Na actualidade con portas divisorias)	PASILLO	ACCESO	126,68	- Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-0-49	DESPACHO 14	DESPACHO	INVESTIGACIÓN	28,5	- Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-0-50	DESPACHO 13	DESPACHO	INVESTIGACIÓN	28,06	1 Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-0-51	DESPACHO 15	DESPACHO	INVESTIGACIÓN	19,52	1 Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-0-52	DISTRIBUIDOR	PASILLO	ACCESO	5,16	- Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-0-53	DISTRIBUIDOR	PASILLO	ACCESO	15,8	- Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-0-54	DESPACHO 12	DESPACHO	INVESTIGACIÓN	19,26	1 Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-0-55	DESPACHO 11	DESPACHO	INVESTIGACIÓN	18,97	1 Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-0-56	DISTRIBUIDOR	PASILLO	ACCESO	6,77	- Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-0-57	DESPACHO 10	DESPACHO	INVESTIGACIÓN	18,84	1 Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-0-58	DESPACHO 9	DESPACHO	INVESTIGACIÓN	28,03	1 Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-0-59	CORREDOR A FAC.CIENCIAS POLITICAS	PASILLO	ACCESO	29,71	- Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-0-60	DESPACHO 8	DESPACHO	INVESTIGACIÓN	24,15	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-0-61	DISTRIBUIDOR	PASILLO	ACCESO	15,77	- Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-0-62	DESPACHO 6	DESPACHO	INVESTIGACIÓN	15,47	1 Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-0-63	DESPACHO 7	DESPACHO	INVESTIGACIÓN	15,93	1 Facultade de Ciencias Políticas e Sociais

4-10-0-64	SEMINARIO DOUTORAMENTO / PROFESORADO (Antiga secretaria)	AULA	INVESTIGACIÓN	25,33	20	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-0-65	LABORATORIO (Antigo CIPS Galiza-America Latina)	LABORATORIO	INVESTIGACIÓN	53,95	-	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-0-66	DESPACHO 3	DESPACHO	INVESTIGACIÓN	24,68	1	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-0-67	DISTRIBUIDOR	PASILLO	ACCESO	6,68	-	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-0-68	DESPACHO 4	DESPACHO	INVESTIGACIÓN	12,43	1	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-0-69	DESPACHO 5	DESPACHO	INVESTIGACIÓN	19,01	1	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-0-70	DESPACHO 1-2 (Na actualidade, separados)	DESPACHO	INVESTIGACIÓN	54,73	3	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-0-71	AULA INTERNET	AULA DE INFORMÁTICA	DOCENCIA	40,77		Facultade de Relacións Laborais
4-10-0-72	ALMACÉN	ARQUIVO - ALMACÉN	ADMINISTRACIÓN	10,87	-	Facultade de Relacións Laborais Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-0-73	CONSERXERÍA	CONSERXERÍA	ADMINISTRACIÓN	23,9	2	Facultade de Relacións Laborais Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-0-74	VESTÍBULO ACCESO PRINCIPAL	PASILLO	ACCESO	211,44	-	Facultade de Relacións Laborais Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-0-75	PASILLO AULAS	PASILLO	ACCESO	160,26		Facultade de Relacións Laborais
4-10-0-76	PASILLO ADMINISTRACIÓN	PASILLO	ACCESO	47,05	-	Facultade de Relacións Laborais Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-0-77	ANTIGO DESPACHO XESTOR ACADÉMICO	XESTOR/A CENTRO	ADMINISTRACIÓN	26,71		Facultade de Relacións Laborais
4-10-0-78	AULA 2	AULA DE TEORÍA	DOCENCIA	49,2		Facultade de Relacións Laborais
4-10-0-79	PASILLO	PASILLO	ACCESO	26,66		Facultade de Relacións Laborais
4-10-0-80	SALA XUNTAS	SALA DE XUNTAS	ADMINISTRACIÓN	36,56		Facultade de Relacións Laborais
4-10-0-81	AULA 1	AULA DE TEORÍA	DOCENCIA	85,31		Facultade de Relacións Laborais
4-10-0-82	DESPACHO	DESPACHO	INVESTIGACIÓN	15,96		Facultade de Relacións Laborais
4-10-0-83	DISTRIBUIDOR	PASILLO	ACCESO	9,75		Facultade de Relacións Laborais
4-10-0-84	SEMINARIO	AULA SEMINARIO	DOCENCIA	24,03		Facultade de Relacións Laborais
4-10-0-85	DESPACHO	DESPACHO	INVESTIGACIÓN	20,26		Facultade de Relacións Laborais
4-10-0-86	AULA 4	AULA DE TEORÍA	DOCENCIA	51,56		Facultade de Relacións Laborais
4-10-0-87	ASEOS	ASEO	ZONA COMÚN	19,87	-	Facultade de Relacións Laborais

Facultade de Ciencias Políticas e Sociais

4-10-0-88	AULA 3	AULA DE TEORÍA	DOCENCIA	135,62	Facultade de Relacións Laborais
4-10-0-89	SECRETARIA DE DIRECCIÓN	SECRETARÍA CENTRO	ADMINISTRACIÓN	18,64	Facultade de Relacións Laborais
4-10-0-90	SEMINARIO	AULA SEMINARIO	DOCENCIA	23,06	Facultade de Relacións Laborais

PRANTA 1

4-10-1-0	DESPACHO 37	DESPACHO	INVESTIGACIÓN	15,01	Facultade de Relacións Laborais
4-10-1-1	DESPACHO 38	DESPACHO	INVESTIGACIÓN	11,59	Facultade de Relacións Laborais
4-10-1-8	DESPACHO 32	DESPACHO	INVESTIGACIÓN	29,11	Facultade de Relacións Laborais
Facultade de Dereito					
4-10-1-9	SALA DE PROFESORES (33)	SALA DE PROFESORES	ZONA COMÚN	38,13	Facultade de Relacións Laborais
4-10-1-10	DESPACHO 34	DESPACHO	INVESTIGACIÓN	21,49	Facultade de Relacións Laborais
4-10-1-11	DESPACHO 35	DESPACHO	INVESTIGACIÓN	20,03	Facultade de Relacións Laborais
4-10-1-12	DESPACHO 36	DESPACHO	INVESTIGACIÓN	16,38	Facultade de Relacións Laborais
4-10-1-13	CORREDOR DESPACHOS RELACIÓNS	PASILLO	ACCESO	64,59	Facultade de Relacións Laborais
4-10-1-14	DESPACHO 17	DESPACHO	INVESTIGACIÓN	18,58	1 Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-1-15	DESPACHO 16	DESPACHO	INVESTIGACIÓN	24,33	1 Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-1-16	DESPACHO	DESPACHO	INVESTIGACIÓN	25,06	Facultade de Relacións Laborais
4-10-1-18	DESPACHO 28	DESPACHO	INVESTIGACIÓN	29,5	- Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-1-19	DESPACHO 29	DESPACHO	INVESTIGACIÓN	27,37	- Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-1-20	DESPACHO 30	DESPACHO	INVESTIGACIÓN	28,47	1 Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-1-22	DESPACHO 20	DESPACHO	INVESTIGACIÓN	22,31	1 Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-1-23	DESPACHO 19	DESPACHO	INVESTIGACIÓN	20,95	1 Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-1-25	DESPACHO 27-A (VISITANTES)	DESPACHO	INVESTIGACIÓN	10,82	1 Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-1-26	DESPACHO 27	DESPACHO	INVESTIGACIÓN	16,46	1 Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-1-27	DESPACHO 26	DESPACHO	INVESTIGACIÓN	28,57	1 Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-1-30	DESPACHO 23	DESPACHO	INVESTIGACIÓN	21,03	1 Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-1-31	DESPACHO 22	DESPACHO	INVESTIGACIÓN	20,17	1 Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-1-32	TERRAZA DESPACHOS POLÍTICAS	TERRAZA	ZONA COMÚN	32,01	- Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-1-33	PASILLO	PASILLO	ACCESO	4,29	- Facultade de Ciencias Políticas e Sociais

4-10-1-34	ACCESO ASCENSOR	PASILLO	ACCESO	3,93	- Facultade de Relacións Laborais Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-1-40	DESPACHO 46	DESPACHO	INVESTIGACIÓN	16,41	Facultade de Relacións Laborais
4-10-1-41	DESPACHO 45	DESPACHO	INVESTIGACIÓN	10,92	Facultade de Relacións Laborais Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
4-10-1-42	DESPACHO 18	DESPACHO	INVESTIGACIÓN	18,19	1 Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-1-44	TERRAZA ESCALEIRAS EMERX. DESPACHOS CC.POL.	TERRAZA	ZONA COMÚN	31,5	- Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-1-45	ESCALEIRAS DESPACHOS PRIMEIRO ANDAR	ESCALEIRA	ACCESO	15,99	- Facultade de Relacións Laborais Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-1-46	DESPACHO 39	DESPACHO	INVESTIGACIÓN	16,07	Facultade de Relacións Laborais
4-10-1-47	DESPACHO 40	DESPACHO	INVESTIGACIÓN	28,17	Facultade de Relacións Laborais
4-10-1-48	DESPACHO 41	DESPACHO	INVESTIGACIÓN	32,17	Facultade de Relacións Laborais
4-10-1-49	DESPACHO 42	DESPACHO	INVESTIGACIÓN	32,52	Facultade de Relacións Laborais
4-10-1-50	VESTÍBULO ESCALEIRAS	PASILLO	ACCESO	89,5	- Facultade de Relacións Laborais Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-1-51	DESPACHO 21	DESPACHO	INVESTIGACIÓN	25,69	1 Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-1-52	DESPACHO 25	DESPACHO	INVESTIGACIÓN	22,3	1 Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-1-53	DESPACHO 24	DESPACHO	INVESTIGACIÓN	20,67	1 Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-1-54	ASEOS	ASEO	ZONA COMÚN	22,18	- Facultade de Relacións Laborais Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-1-55	DESPACHO 43	DESPACHO	INVESTIGACIÓN	25,3	Facultade de Relacións Laborais
4-10-1-56	PASILLO	PASILLO	ACCESO	5,67	Facultade de Relacións Laborais
4-10-1-57	DESPACHO 44	DESPACHO	INVESTIGACIÓN	18,17	Facultade de Relacións Laborais
4-10-1-58	DESPACHO	DESPACHO	INVESTIGACIÓN	12,94	Facultade de Relacións Laborais
4-10-1-59	DESPACHO	DESPACHO	INVESTIGACIÓN	11,09	Facultade de Relacións Laborais
4-10-1-60	DESPACHO 31	DESPACHO	INVESTIGACIÓN	15,68	Facultade de Relacións Laborais
4-10-1-61	CORREDOR DESPACHOS CC.POL. PRIMEIRO ANDAR	PASILLO	ACCESO	109,23	- Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-10-1-62	ASEOS	ASEO	ZONA COMÚN	20,28	- Facultade de Relacións Laborais Facultade de Ciencias Políticas e Sociais

II. EDIFICIO AULARIO

CÓDIGO PLANO	NOME	USO	TIPO USO	ÁREA	AFORO	CENTRO RESPONSABLE
PRANTA -1						
4-9-S1-0	VESTÍBULO PLANTA SOTO	PASILLO	ACCESO	106,54	0	Facultade de Relacións Laborais Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-S1-1	ASEOS PLANTA SOTO	ASEO	ZONA COMÚN	29,16	0	Facultade de Relacións Laborais Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-S1-2	SALÓN DE GRAOS	SALÓN DE GRAOS	ZONA COMÚN	151,6	128	Facultade de Relacións Laborais Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-S1-3	SALÓN DE ACTOS	SALÓN DE ACTOS	ZONA COMÚN	263,79	256	Facultade de Relacións Laborais Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-S1-4	SALA DE CALDEIRAS	SALA DE CALDEIRAS	VARIOS	32,88	0	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-S1-5	ENTRADA AUGA	OUTROS	VARIOS	11,11	0	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-S1-6	GRUPO ELECTRÓXENO EDIFICIO NOVO	GRUPO ELECTRÓXENO	VARIOS	7,82	0	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-S1-7	OCO CALDEIRAS	OUTROS	VARIOS	5,35	0	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-S1-8	ACCESO CALDEIRAS EDIFICIO NOVO	OUTROS	VARIOS	11,86	0	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-S1-9	CORTALUMES	SALA DE CALDEIRAS	VARIOS	2,48	0	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-S1-10	VESTÍBULO SALÓN DE GRAOS	OUTROS	ZONA COMÚN	36,73	0	Facultade de Relacións Laborais Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-S1-12	ACCESO C. INSTALACIÓNS	OUTROS	ACCESO	2,06	0	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-S1-14	ESCALEIRAS SOTO	ESCALEIRA	ACCESO	6,75	0	Facultade de Relacións Laborais Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-S1-15	ESCALEIRAS SOTO	ESCALEIRA	ACCESO	6,75	0	Facultade de Relacións Laborais Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-S1-16	ASCENSOR ESQUERDO EDIFICIO NOVO	ASCENSOR	ACCESO	3,52	0	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-S1-17	ASCENSOR DEREITO EDIFICIO NOVO	ASCENSOR	ACCESO	3,52	0	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
PRANTA 0						

4-9-0-0	ASEOS MULLERES PLANTA BAIXA	ASEO	ZONA COMÚN	22,65	0	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-0-1	ASEOS HOMES PLANTA BAIXA	ASEO	ZONA COMÚN	22,61	0	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-0-2	AULA 0.1	AULA	DOCENCIA	116,4	110	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-0-3	AULA 0.2	AULA	DOCENCIA	119,28	110	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-0-4	SEMINARIO 0.4	AULA	DOCENCIA	60,21	25	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-0-5	SEMINARIO 0.3	AULA	DOCENCIA	57,78	25	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-0-6	SEMINARIO 0.2	AULA	DOCENCIA	57,82	25	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-0-7	SEMINARIO 0.1	AULA	DOCENCIA	57,35	25	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-0-8	CORREDOR ESQUERDO PLANTA BAIXA	PASILLO	ACCESO	66,1	0	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-0-9	VESTÍBULO PLANTA BAIXA	PASILLO	ACCESO	118,46	0	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-0-10	CORREDOR DEREITO PLANTA BAIXA	PASILLO	ACCESO	66,1	0	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-0-11	ESCALEIRAS PLANTA BAIXA	ESCALEIRA	ACCESO	39,66	0	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-0-12	ESCALEIRA A P-1	ESCALEIRA	ACCESO	3,93	0	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-0-13	ESCALEIRA A P-1	ESCALEIRA	ACCESO	4,04	0	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-0-14	PASARELA ACCESO EDIFICIO NOVO	PASILLO	ACCESO	26,96	0	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais

PRANTA 1

4-9-1-0	ASEOS HOMES PRIMEIRO ANDAR	ASEO	ZONA COMÚN	23,14	0	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-1-1	ASEOS MULLERES PRIMEIRO ANDAR	ASEO	ZONA COMÚN	23,18	0	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-1-2	AULA 1.1	AULA	DOCENCIA	116,34	110	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-1-3	AULA 1.2	AULA	DOCENCIA	119,31	110	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-1-4	AULA 1.4	AULA	DOCENCIA	119,24	110	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-1-5	AULA 1.3	AULA	DOCENCIA	116,53	110	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-1-6	CORREDOR ESQUERDO PRIMEIRO ANDAR	PASILLO	ACCESO	66,09	0	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-1-8	CORREDOR DEREITO	PASILLO	ACCESO	66,11	0	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-1-9	ESCALEIRAS PRIMEIRO ANDAR	ESCALEIRA	ACCESO	39,66	0	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-1-10	ESCALEIRA A PB	ESCALEIRA	ACCESO	3,93	0	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-1-11	ESCALEIRA A PB	ESCALEIRA	ACCESO	4,04	0	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-1-12	LOCAL ESTUDO	TRABALLO GRUPAL	ZONA COMÚN	14,67	0	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-1-13	LOCAL ESTUDO	TRABALLO GRUPAL	ZONA COMÚN	14,28	0	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais

4-9-1-14	VESTÍBULO PRIMEIRO ANDAR	PASILLO	ACCESO	86,8	0	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
----------	--------------------------	---------	--------	------	---	---

PRANTA 2

4-9-2-0	ASEOS HOMES SEGUNDO ANDAR	ASEO	ZONA COMÚN	23,11	0	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-2-1	ASEOS MULLERES SEGUNDO ANDAR	ASEO	ZONA COMÚN	23,14	0	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-2-2	AULA INFORMÁTICA	AULA	DOCENCIA	119,51	0	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-2-3	AULA 2.2	AULA	DOCENCIA	116,38	0	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-2-4	CORREDOR ESQUERDO SEGUNDO ANDAR	PASILLO	ACCESO	66,1	0	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-2-5	AULA 2.1	AULA	DOCENCIA	118,92	110	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-2-6	SEMINARIO	AULA	DOCENCIA	57,36	0	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-2-7	CORREDOR DEREITO SEGUNDO ANDAR	PASILLO	ACCESO	49,44	0	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-2-9	TERRAZA	TERRAZA	ZONA COMÚN	78,07	0	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-2-10	ESCALEIRA A P1	ESCALEIRA	ACCESO	3,93	0	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-2-11	ESCALEIRA A P1	ESCALEIRA	ACCESO	4,04	0	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-2-12	ESCALEIRA A P3	ESCALEIRA	ACCESO	19,63	0	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-2-13	LOCAL ESTUDO	TRABALLO GRUPAL	ZONA COMÚN	14,67	0	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-2-14	LOCAL ASOCIACIÓN ALUMNOS	LOCAL ALUMNADO	ZONA COMÚN	14,28	0	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-2-15	VESTÍBULO SEGUNDO ANDAR	PASILLO	ACCESO	86,81	0	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais

PRANTA 3

4-9-3-0	C. DE MAQUINAS ASCENSOR	SALA DE MÁQUINAS	VARIOS	20,62	0	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-3-1	PASILLO-ESCALEIRA	PASILLO	ACCESO	13,56	0	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-3-2	ESCALEIRA	ESCALEIRA	ACCESO	23,93	0	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
4-9-3-3	TERRAZA	TERRAZA	ZONA COMÚN	739,84	0	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais

[No decanato da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais quedan a disposición da comunidade académica do centro os planos correspondentes a o presente anexo]